

Como membro do club de cans de familia “Só lles falta falar” e coñecendo as actividades e os traballos que desenrolan, envía a seguinte información para completar a proposta.



Presentación do Club

O Club de cans de familia “Só lles falta falar” nace no ano 2008 coa finalidade de fomentar a tenza responsable de cans e a súa plena integración na sociedade.

Con este obxectivo organiza actividades coma roteiros por diferentes lugares, charlas formativas ou visitas ós centros nos que os cans desenvolven unha función de soporte terapéutico.

“Só lles falta falar” avoga para que as distintas administracións habiliten o tan desexado distintivo “disco verde”, ou tamén chamado “good neighbours” existente noutros países da nosa contorna, que identifique os cans que estén debidamente socializados o que implicaría unha serie de “privilexios” para os mesmos (acceso ós edificios públicos, medios de transporte público, etc...), o que significaría o poder convivir con plena liberdade na nosa sociedade.

Con todo isto, “Só lles falta falar” quere demostrar que : **OUTRO MODELO DE CONVIVENCIA É POSIBLE.**

ACTIVIDADES DE CORTE EDUCATIVO E PEDAGÓXICO

Teñen por obxectivo promover a interacción positiva de adultos e nenos con animais de compañía, propios ou alleos. De forma xeralizada, pretenden dotar ás persoas das habilidades e estratexias necesarias para dispor dunha mascota equilibrada e facerlles partícipes dos beneficios psicolóxicos, físicos e sociais que un animal con estas características aporta.

Aulas e talleres de educación canina.

Aulas (gratuitas) de educación canina dirixidas á poboación local.

Aulas de educación ou socialización gratuitas para un can (mensual) adoptado no Refuxio do Bando, coa fin de fomentar as adopcións e diminuír o número de devolucións. No suposto que non houbera un can “becario” do Refuxio, esta oferta esténdese para algún outro can residente en Compostela con problemas de comportamento.

Cursos e charlas

Charlas técnicas impartidas por profesionais (veterinaria, psicólogo e especialista en conducta animal) dirixidas aos propietarios dos cans e gatos.

A través da organización de charlas e talleres aproximamos aos interesados a cuestións relacionadas coa tenza de animais de compañía (como a súa saúde e coidados básicos, a interpretación da súa conducta, administración de primeiros auxilios, lexislación básica, etc.).

Selección de cans para vítimas de violencia de xénero

Axuda na selección dun can tando para soporte afectivo como defensivo para unha vítima de violencia de xénero.

Iniciativas de participación social

No terreo da participación social, cabe destacar o programa “Perder o medo”, dirixido a todas aquelas persoas que senten medo, en calquera grao, cara aos cans. Dende o 2004 o programa desenvólvese en distintos centros escolares e actividades infantís lúdicas en distintos concellos (p.ex, Santiago, Ames, A Estrada, Padrón).

Doutra banda, dende o 2009, grazas á colaboración coa Concellaría de Educación e Deportes, visitamos con periodicidade regular escolas infantís e colexios de

primaria nas cidades de Santiago e Ourense fomentando a interacción lúdica dos nenos cos cans e participamos en actividades recreativas do Concello de Santiago como Ferradura Aberta, Nadal Xogo, Escola de Verán ou programa de voluntariado do Xacobeo.

Foto: Aulas de educación canina



INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA CENTRADA NA PRÁCTICA DA TERAPIA ASISTIDA COS ANIMAIS.

Dende o seu inicio o club “Só lles falta falar”, en colaboración co Centro de Conducta Animal, está comprometido con este tipo de terapia dirixida a nenos e adultos con necesidades especiais. Unha mostra deste compromiso son os programas terapéuticos asiduos que desenvolvemos en colaboración coa Asociación Down Compostela e con ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista).

A terapia asistida con animais é un procedemento terapéutico no que intervén un animal como método complementario e de reforzo no tratamento de enfermidades crónicas, discapacidades, carencias afectivas, soidade, etc. favorecendo o estado físico, psicolóxico e social da persoa. Actualmente, as experiencias de programas de terapia asistida con animais no contexto estadounidense (promovidas pola American Society for the prevention of Cruelty to Animals), europeo (desenvolvidas pola European Society for Animal Assisted Therapy) e tamén español (impulsadas polas Fundacións Affinity, ONCE e Bocalán) documentan os beneficios desta terapia para a saúde, a estimulación, a comunicación e a integración das persoas. Dende fai mais de cuarenta anos atopamos

achegas de investigación que teñen demostrado que os animais nos proporcionan, entre outros moitos beneficios, o don de sentirnos necesarios e darnos un sentido da familia, de seguridade, de ánimo para facer exercicio, de sensibilidade cara aos nosos estados de humor, etc. Calquera persoa, pero especialmente os anciáns e os nenos, mellora a súa calidade de vida se ten un animal de compañía que coidar.

2012-2013: Programa de asistencia en 'Geriatros'



Algunhas noticias e fotos de actividades

Xullo 2015: Traballo de asistencia terapéutica no centro de Aspanane en Viveiro

La Voz de A Mariña

MÉRCOLES 29 DE JULIO DEL 2015
Delegado: Miguel Ángel Sande Dorral
Jefe comercial: Luis García Perras



«O programa tamén é posible grazas á X na casaña de fins sociais da declaración da renda»
Alicia Lage
Psicóloga de Aspanane en Viveiro

«A vellez chega antes para estes usuarios, o programa asegúralles unha maior calidade de vida»
Pilar Villaverde
Responsable do programa

A asociación ofrece actividades de formación e terapia ocupacional ao longo do ano

USUARIOS DE ASPANANE E INTEGRANTES DO CLUBE DE CANS DE FAMILIA «SÓ LLES FALTA FALAR», POSANDO DURANTE A SESIÓN, EN CELEIRO. X. RAMALLAL

EN DIRECTO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DE ASPANANE

Preparándose para ser maiores

Os usuarios disfrutaron dunha enriquecedora sesión de terapia con cans

VIVEIRO / LA VOZ
Aspanane conta con dous centros en Celeiro (Viveiro) para os seus 51 usuarios: o centro de día e o ocupacional. Este último ten tres actividades de actividades sociais.

Maio 2016 : Aulas de Educación no Concello de Teo



Abril 2014: Xornadas da Discapacidade no IES Félix Muriel - Rianxo



Marzo 2015: Taller de Perder o Medo cos nenos autistas de Aspanaes



Club de Cans de Familia 'Só lles falta falar'

info@sollesfaltafalar.org

www.cans.gal

<http://sollesfaltafalar.wordpress.com/>

<http://www.facebook.com/Sollesfaltafalar>

<https://twitter.com/SolleFaltaFalar>

